



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 11 DE SETEMBRO DE
2017.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día once de setembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D. ÁNGEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ.

D^a. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA.

D. CARLOS POUSA ESTÉVEZ.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 19 DE XULLO DE 2017.- No foron formuladas alegacións nin reclamacións o borrador, quedando aprobada a Acta da sesión celebrada con data 19 de xullo de 2017.

2.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. ANTONIO PAZ PAZ, con domicilio en Regadas, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito na Prza de Joaquín Digón (Regadas), e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras de reparación de tellado**, de acordo co Informe emitido pola Arquitecta Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 2.300,00 € 46,00 €.**

Auséntase da sesión o Sr. González Vázquez.

AUTORIZAR a D. ANTONIO GONZÁLEZ POUSA, en representación de SAT A Portela, con domicilio en Rúa Piñeiros, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito na resinada rúa, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras de reparación de chapa de fachada, canos, illamento de portas e fiestras, instalción de falso teito interior de nave**, de acordo co Informe emitido pola Arquitecta Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 15.000,00 € 300,00 €.**

Incorpórase a sesión o Sr. González Vázquez.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

3.- CONVENIO PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE ACEITE DE ORIXE DOMÉSTICA.- Dase conta do escrito recibida da Deputación Provincial de Ourense, no que se nos informa do Convenio de cooperación aprobado pola Deputación para a prestación nos concellos do servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, e o que se poden adherir os concellos.

Dado o texto do Convenio, os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan:

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Beade ao Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito Convenio.

4.- SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL).- Dase conta da Orde do 29 de agosto de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural no ano 2017, publicada no DOGA do 08.09.17.

Tendo en conta a finalidade da mesma, os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan:

- a) Aprobar os proxectos de obras ou servizos denominados “Protección e mantamento de zonas naturais”.
- b) Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación dos traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,



Asdo. Senén Pousa Soto.

O SECRETARIO,



Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.